

· A/A da Sra. Directora e do Sr. Xefe de Estudos.
· Asunto: PROPOSTA de “Programa de formación de FORMADORES en RESOLUCIÓN pacífica de CONFLICTOS ESCOLARES”
· Autor: Juan J.Álvarez Castro – Xefe do Departamento de Orientación do IES de Arzúa.
· Data: En Arzúa, a 21 de outubro do 2014.

PROGRAMA: “APRENDER A CONVIVIR”

1. Xustificación e análise das necesidades.
2. Obxectivos.
 - a) Xeral.
 - b) Específicos.
3. Accións prioritarias do Departamento de Orientación.
4. Contidos.
5. Estratexias de intervención.
 - a) Metodoloxía.
 - b) Actividades.
6. Recursos.
7. Temporalización.
8. Avaliación.

1. **Xustificación legal e análise das necesidades.**

Esta proposta nace ao abeiro do **DECRETO 229/2011, do 7 de decembro**, polo que se regula a **atención á diversidade do alumnado** dos centros docentes da Comunidade Autónoma de Galiza. Entre algunhas medidas de **ATENCIÓN Á DIVERSIDADE**, figura como liña prioritaria de acción do Departamento de Orientación, dotar ao alumnado de **habilencias na resolución pacífica de CONFLICTOS**, a traveso dos **TITORES**.

Asemade, a **Lei Orgánica 8/2013, de 9 de decembro**, para a mellora da **CALIDADE EDUCATIVA**, no apartado XIV do seu preámbulo **CONSIDERA ESENCIAL** a preparación para a cidadanía activa e a adquisición das **COMPETENCIAS SOCIAIS E CÍVICAS**, recollidas na Recomendación do Parlamento Europeo e do Consello de 18 de decembro de 2006 sobor as competencias **CLAVE** para a aprendizaxe permanente

A idiosincrasia sociolóxica deste centro volve necesario afondar en materia de CONFLITOLOXÍA. Apoiándome nos titor@s, pódese dinamiza-lo presente PROGRAMA, asesorándoos e guiándoos, co visto e praxe do Xefe de Estudos.

Informarémoloslles **por escrito** da REBAIXA dos conflitos, figura dos MEDIADORES, ENQUISAS, PROTOCOLOS DE ACTUACIÓN e daqueloutros elementos e procesos que integran a CULTURA DA MEDIACIÓN EN CONFLICTOS ESCOLARES. Análise das necesidades:

- **Cos alumnos**. Necesidade de mellorar as habilidades sociais neles (asertividade, resolución pacífica de conflitos...).

- **Co profesorado.** Necesidade de animalo máis no desenvolvemento e implementación de programas.
- **Cos pais.** Necesidade de acadar maior vinculación entre as familias e o centro educativo, téndoos informados da posta en marcha deste programa, co desexo de acadar unha coeducación coordinada no eido convivencial do noso alumnado.

2. **Obxectivos.**

(a) Obxectivo **xeral.**

- Preparar ao alumnado non só academicamente senón tamén PREPARALO PARA A VIDA.

(b) Obxectivos **específicos.**

Para ALUMNOS:

- FAVORECER neles a ASERTIVIDADE e as HABILIDADES de MEDIACIÓN nas situacións de conflito.
- PULAR actividades que promovan a integración, a convivencia e a participación dos alumnos nas actividades do contexto escolar.

Para os PAIS:

- PEDIR colaboración ás FAMILIAS neste programa, de xeito que se acade unha canle fluída de DIÁLOGO (as súas impresións, suxestións...)

Para o PROFESORADO (principalmente cos titores):

- Asesorar aos titores como axentes do primeiro nivel de Orientación que son.

- MOTIVALOS a participar no deseño, elaboración e posta en práctica deste programa, así coma tamén na proposta e escolla de ALUMN@S-MEDIADORES.

3. **Accións prioritarias do Departamento de Orientación.**

(1ª). DESEÑO das “ENQUISAS INICIAIS”, que cubrirán os alumnos-candidatos a seren membros destes EQUIPOS DE MEDIACIÓN DE CONFLICTOS ENTRE IGUAIS.

(2ª). Elaboración do meu “DIARIO DE MEDIACIÓN”, no que, como asesor que son, e coa axuda dos titores, recollerei os puntos máis salientábeis ao longo deste proceso formativo, que desenvolverei sobre os candidatos.

(3ª). DESEÑO das diferentes “FICHAS” que marcan os pasos da mediación:

- * FICHA de solicitude de mediación.
- * FICHA de rexistro do proceso de mediación.
- * FICHA de rexistro do acordo subseguinte á mediación.

(4ª). Confección de GRELLAS DE VALORACIÓN deste programa, que cubrirán as diferentes partes ao remate do mesmo.

Velaí como poderían ser estes materiais:

1ª. “ENQUISAS INICIAIS” para os alumnos candidatos:

A	Risca aquelas verbas que máis asocies ao conflito. Tamén podes engadir outras.	
	1. Liortas	
	2. Insultos.	

3. Burlas	
4. Ameazas.	
5. Enfados	
6. <u>Engade outras:</u>	

B	¿Cal é o conflito máis importante no teu centro? Ríscao/s.
	1. Liortas
	2. Interrupcións na clase
	3. Insultos
	4. Ameazas
	5. Desfeitas
	6. <u>Engade outros:</u>

C	A situación de indisciplina do alumnado, ¿é un problema real no teu centro? <i>Risca a resposta que xulgues máis axeitada.</i>
	1. Si, moi importante.
	2. Si, bastante importante.
	3. Pouco importante.
	4. Nada importante.

D	En xeral, ¿como consideras que é a convivencia entre profesorado, alumnado e familias no teu centro?				
	BOA	BASTANTE BOA	REGULAR	MALA	NON SEI
A convivencia entre o alumnado é...					
A convivencia entre alumnado e profes é...					
A convivencia entre equipo directivo e alumnado é...					
A convivencia entre o equipo directivo e as familias é...					
A convivencia entre o profesorado e as familias é...					
A convivencia entre o profesorado é...					

2ª. Asemade, GRELLAS DE VALORACIÓN que cubrirán: alumnado, profesorado, e familias, ao remate do programa (véxase o **punto 8**).

4. Contidos, bloques temáticos.

Co **GRUPO DE CANDIDATOS** xa seleccionado, trataranse:

- I. Concepto de CONFLITO.
- II. Estrutura do CONFLITO: Análise de casos e textos literarios.
- III. Distinción: falso CONFLITO Û CONFLITO real.
- IV. Diferenza: CONFLITO Û VIOLENCIA.
- V. Problemas ao PERCIBIR o CONFLITO: prexuizos.
- VI. Tipos frecuentes de CONFLITO.
- VII. Causas frecuentes de CONFLITO.
- VIII. Xogos e DINÁMICA DE GRUPOS.
- IX. A MEDIACIÓN (a ética do MEDIADOR): proceso de intervención (xogos de ROL).
- X. Posíbeis obstáculos no proceso de MEDIACIÓN.
- XI. A MEDIACIÓN e a MELLORA DE CONVIVENCIA no centro.

5. Estratexias de intervención.

a) Metodoloxía.

- * Co profesorado: participativa e colaboradora principalmente.
- * Cos pais: flexíbel e informativamente bidireccional.
- * Cos alumnos: interactiva, funcional e adaptada a eles, ou sexa:
 - ♣ Metodoloxía interactiva: potenciando a aprendizaxe cooperativa, coas dinámicas de grupos.
 - ♣ Metodoloxía funcional: asociada ás necesidades reais deles, partindo do seu contexto máis inmediato.

- ♣ Metodoloxía adaptada ao seu nivel evolutivo; con carácter xeral: de 12 aos 16 anos na ESO; de 15 a 17 anos na FP Básica; de 16 a 18 anos no Bacharelato; de 16 anos até abranger outras maiores no CM da FP de Agraria; e de 18 até outras superiores, tamén nos CS das FP de Agraria e de Administración e Finanzas respectivamente.

b) Actividades .

- I. Co profesorado: actividades divulgativas e de difusión do que se estea a facer co equipo de MEDIADORES. A propia CCP debe ser unha ferramenta de coordinación indispensable para que o equipo educativo actúe como “OBSERVADOR ACTIVO” do avance deste PROGRAMA.
- II. Cos pais: actividades divulgativas e de difusión do que se estea a facer co equipo de MEDIADORES perante conflitos escolares que vaian xurdindo. MEDIADOS e dos MEDIADORES.
- III. Cos alumnos seleccionados para seren MEDIADORES:
 - ♣ 5 SESIÓN DE FORMACIÓN
 - ♣ 2 SESIÓN DE COORDINACIÓN.

1ª SESIÓN DE FORMACIÓN cos ALUMNOS MEDIADORES.

Cubrirán as primeiras ENQUISAS-GRELLAS DE VALORACIÓN “A, B, C, D” que detallei entre as accións prioritarias, para sondar neles os seus coñecementos e actitudes sobre os CONFLICTOS no seu centro.

Proporeilles algún XOGO de PRESENTACIÓN / COÑECIMENTO.

“BRAINSTORMING” sobre:

- Concepto de CONFLICTO: CONFLICTO Û VIOLENCIA.
- Opcións perante o CONFLICTO.
- Distinción: MEDIACIÓN / NEGOCIACIÓN.

CONFLICTO a traveso dun conto: “OS DOUS MONSTRUOS” – *David McKee*.

ESTUDO DE CASOS REAIS: “Conflicts no recreo”.

2ª SESIÓN DE FORMACIÓN cos ALUMNOS MEDIADORES.

XOGO DE PRESENTACIÓN: “espello máxico”.

Sumarización da 1ª sesión: “POSTA EN COMÚN”.

XOGO DE COÑECEMENTO: “Director@ de cinema”.

3ª SESIÓN DE FORMACIÓN cos ALUMNOS MEDIADORES.

XOGO DE CONFIANZA: “O Lazarillo”.

Sumarización da sesión anterior: 5’.

Análise dun novo caso: POSTA EN COMÚN.

“CONFLITO polo campo de FUTBITO”.

Lectura de DOUS TEXTOS para afondar na orixe e resolución de CONFLICTOS

4ª SESIÓN DE FORMACIÓN cos ALUMNOS MEDIADORES.

XOGOS de
AFIRMACIÓN:

“Apagalumes”

“Treboada e
bonanza”.

FOTOCOPIA DE REPASO: PASOS do proceso de MEDIACIÓN.

Exercicios de PARAFRASEO (ESCOITA ACTIVA).

XOGO DE ROL: “Unha broma de mal gusto”.

5ª SESIÓN DE FORMACIÓN cos ALUMNOS MEDIADORES.

XOGO COOPERATIVO: “Macedonia de pases...”.

REPASO DE IDEAS BÁSICAS: Visionado dun CARTAFOL FEITO POR TODOS, coas ideas até o momento.

DIÁLOGO: “OBSTÁCULOS que nos poden saír ao paso”.

AO FIN: PLAN DE INTERVENCIÓN perante un conflito:

FICHAS PROTOCOLADAS:

- ♣ DE SOLICITUDE DE MEDIACIÓN.
- ♣ DE REXISTRO DO PROCESO.
- ♣ DE REXISTRO DO ACORDO (se o houbera).

1ª SESIÓN DE COORDINACIÓN-SEGUIMIENTO.

- Finais de novembro (en horario escolar).
- ¿Fostes chamados para MEDIAR?
- É o momento de lembrar as condicións espaciais máis óptimas para disporse nunha SESIÓN DE MEDIACIÓN REAL.
- ANÁLISE dunha posíbel actividade de MEDIADORES.

2ª SESIÓN DE COORDINACIÓN-SEGUIMIENTO.

Posiblemente xa teña acontecido algunha MEDIACIÓN REAL, apoiada polo Departamento de Orientación e co visto e prace da Xefatura de Estudos.

Daquela:

- ♣ Entrevistas a) cos MEDIADORES } ¿como vos foi?
- b) cos MEDIADOS }

Nelas insistirei no seguinte:

- As partes enfrontadas poden escoller aos MEDIADORES pertencentes ao EQUIPO-MEDIADOR.
- Pescudar se os “CONFLITIVOS” solicitan MEDIACIÓNS.
- Proporei un CRITERIO DE ROTACIÓN entre os MEDIADORES.

- Sondarei as ganas que os MEDIADORES teñan de actuar sobre algunha problemática **real** que xurda.

6. Recursos.

Materiais entregados a cada estudante-participante:

- Manifesto 2000 para unha cultura da PAZ e a non violencia (UNESCO).
- Ficha / FOTOCOPIA cos pasos da MEDIACIÓN.
- Ficha de solicitude de MEDIACIÓN.
- Ficha de rexistro de MEDIACIÓN.
- Ficha de rexistro de posíbeis ACORDOS tras ela.
- Ficha de rexistro dos principais obstáculos nela.
- Trípticos e adhesivos deste programa educativo.
- Torrego Seijo, J.C.; DVD: “Mediación de conflictos en instituciones educativas” – UNED.
- X. Jares; *Educación e conflito. Guía de educación para a convivencia*. Madrid, Ed. Popular, pxs. 178-179.

7. Temporalización.

- * 5 SESIÓNS DE FORMACIÓN de alumnos-MEDIADORES, de 2 horas cada unha delas (10 horas de formación).

Mes: 2ª quincena de OUTUBRO / NOVIEMBRE

- * 2 SESIÓNS DE COORDINACIÓN-SEGUIMIENTO:

1ª: a finais de novembro.

2ª: a principios de febreiro (aproximadamente).

Autor: Juan José Álvarez Castro (Orientador do IES de Arzúa)

8. **Avaliación.**

8.1. Por parte dos ALUMNOS formados na MEDIACIÓN, responderían á seguinte enquisa:

	SI	NON	POR QUE
1. ¿Custouvos moito mantervos imparciais?			
2. ¿Custouvos moito non dar a vosa opinión?			
3. ¿Custouvos moito ser obxectivos cando erades máis próximos a unha das partes?			

GRAVAR as súas testemuñas/declaracións, adoita ser un bo feedback, nesta aprendizaxe da resolución pacífica de conflitos (previo consentemento).

8.2. Por parte dos alumnos MEDIADOS.

	SI	NON	POR QUE
1. ¿Serviuvos de algo a MEDIACIÓN?			
2. ¿Volvestes ter problemas de relación coa outra parte?			
3. ¿Pensades ser posíbeis mediadores no futuro?			

Autor : Juan José Álvarez Castro (Orientador do IES de Arzúa)

8.3. Por parte dos TITORES / PROFESORADO

	SI	NON	POR QUE
1. ¿Notastes rebaixa da conflictividade na vosa aula?			
2. ¿Notastes menos conflitos nos espazos comúns?			
3. Logo das MEDIACIÓNS, ¿houbo achegamento favorábel dos PAIS?			

8.4. Por parte da FAMILIAS dos MEDIADOS e dos MEDIADORES.

	SI	NON	POR QUE
1. ¿Cren que as MEDIACIÓNS son unha aprendizaxe útil para os seus fillos?			
2. ¿Pensan que a MEDIACIÓN é un método máis razoábel ca outros tradicionais?			
3. ¿Percibiron trocos positivos no seu fillo dende o proceso de mediación?			

MEDIACIÓN en CONFLICTOS



Ø PRE – MEDIACIÓN :

É a fase anterior á **MEDIACIÓN**, na que aproveitamos para crea-las **condicións** que nos axuden a chegar á **MEDIACIÓN**.

Nela falaríamos con cada parte implicada no conflito, **por separado**, para clarex-las características que lle deberemos dar a unha **MEDIACIÓN**, que tente ser **positiva** :

- Será aceptada **VOLUNTARIAMENTE** por toda-las partes involucradas no **CONFLICTO**.
- O contido revelado nelas sempre terá carácter **CONFIDENCIAL**.
- Estará baseada no **DIÁLOGO**.

Ø A “**MEDIACIÓN**” e as súas **FASES** :

1. Fase de **presentación** das persoas envoltas no conflito, ás **MEDIADORAS/ES** : explícanse-las regras esenciais deste proceso, e ademáis procurámo-la **EMPATÍA** para con elas e eles, ou sexa, **POÑÉMONOS NO LUGAR** delas ou deles, malia que **sen xulgalas/os**.

Autor : Juan José Álvarez Castro (Orientador do IES de Arzúa)

2. Fase do **"CÓNTAME"**: cada parte afectada exporá **a súa versión do conflito**, por **quendas**, e con respecto, cando estea a explicarse a outra persoa. A persoa mediadora **escoitará activamente e esforzase en REFLECTI-LOS SENTIMENTOS** que estean a **vivi-las partes en conflito**, ao **retomaren a revisión dese acontecemento**.
3. Fase do **"ACLARADO do problema"**: será a identificación dos **nós** que se formaron ; haberá que sinalar os **PUNTOS de DIVERXENCIA** que afastan ás partes e, por raro que pareza, os **PUNTOS de CONVERXENCIA** que poderían achegalas. Vai ser moi importante atopar esta **PLATAFORMA COMÚN**.
4. **PROPOR SOLUCIÓNS: BUSCA CREATIVA** delas.
5. Acadar un **ACORDO: concreto, equilibrado, realista e posible**.
6. **SEGUIMIENTO e AVALIACIÓN do ACORDO**.

Autor: Juan José Álvarez Castro (Orientador do IES de Arzúa)



“O SOÑO DE JIMMY GRIMBLE” (CINEMA EN V.O.) O mundo ten forma de balón/bulling

Para **Jimmy**, un adolescente inseguro que vive en Manchester coa súa nai, o fútbol é todo. O caso é que o rapaz é habilidoso co balón. Pero só cando está so. Se ten público, a confianza lle marcha. Ademais, os compañeiros do cole burlánsen del sen piedade: Jimmy é a vítima favorita de Gorgeous, fillo do dono do colexio e líder dos matóns.

E cando non está a pensar no fútbol ou en como fuxir polos corredores, decátase de que lle gusta Sara, a moza nova do instituto; pero non é quen de falar con ela sen que se lle trabuque a lingua.



Pero un bo día unha muller vagabunda regálalle unhas botas ... E o mozo comeza xogar mellor: pois a vella garantiulle que se as pon, xogará tan ben coma **Robbie Brewer**, o famoso futbolista ao que pertenceron.

Tamén é importante **dentro e fóra do “campo”**, o personaxe do seu adestrador, desilusionado por un algún feito misterioso do seu pasado. **Robert Carlyle**, o actor que da vida a este personaxe dixo que o que lle gustou ao le-lo guión, foi sentir que era coma **un conto de fadas moderno e urbán**, pero concretamente localizado na **dura contorna da cidade de Manchester**.



Sinala cales son os modelos adultos nos que Jimmy semella atopar **seguridade** e os comportamentos positivos cos que procura identificarse:

¿Atopas situacións de **ACOSO** nesta película? ¿Poderías identificalas? ¿Sobre que "tipo" de persoa recae o **BULLING**?



ACOSADORES	VÍTIMAS
.	<input type="radio"/>
.	<input type="radio"/>
.	<input type="radio"/>
.	<input type="radio"/>
.	<input type="radio"/>



¿Que denominador común se da entre **OS ACOSADORES**? ¿E entre as **VÍTIMAS**? ¿Saberías "ver" estas situacións na vida real? ¿Serías quen de distinguir aos agresores das vítimas?


Autor : Juan José Álvarez Castro (Orientador do IES de Arzúa)

Puntuáa : risca a nota que lle darías a esta "peli"

1	2	3	4	5	6	7	8	9	10
---	---	---	---	---	---	---	---	---	----


DINÁMICA DE GRUPOS para as titorías: “A XANELA DE JOHARI”

Autor: Juan José Álvarez Castro (Orientador do IES de Arzúa)



O “EU” recibe “feedback”

	Coñecido polo “EU”	Non coñecido polo “EU”
Coñecido polo GRUPO: Da feedback	ÁREA CEIBE: Condutas que abro aos demais	ÁREA CEGA: Descoñezo aspectos da miña persoa, que os demais si coñecen
Non coñecido polo GRUPO	ÁREA AGOCHADA: Datos privados que non libero	ÁREA DESCOÑECIDA



O "EU" de recibe "feedback"

	Coñecido polo "EU"	Non coñecido polo "EU"
Coñecido polo GRUPO: Da feedback	 <p>ÁREA CEIBE: Conduñas que abre aos demais</p>	 <p>ÁREA CEGA: Descoñece aspectos da súa persoa, que os demais si coñecen</p>
Non coñecido polo GRUPO	<p>ÁREA AGOCHADA: Datos privados que non libera</p> 	<p>ÁREA DESCOÑECIDA Para el mesmo e para os demais</p> 